




**EXPEDIENTE M2/2023 DE APROBACIÓN DO ANEXO DE
SUBVENCÍONS NOMINATIVAS DO ORZAMENTO 2023,
PRORROGADO DE 2022**



Área / Unidad PRESUPUESTOS Y ESTUDIOS ECONOMICOS SH0000	Documento 36E17I006B
Código de verificación  0542 5610 5A3Y 4M03 12SY	Expediente 36E/2023/5
	Fecha 05-04-2023

Expediente M2/2023 de aprobación do Anexo de Subvencións nominativas do Orzamento 2023, prorrogado de 2022

MEMORIA DA ALCALDÍA

I.- Sométese á aprobación da Xunta de Goberno Local, para o seu posterior sometemento ao pleno da corporación municipal o presente expediente, que ten por finalidade a aprobación do anexo de subvencións nominativas. Non se modifica o estado de Gastos do Orzamento 2023, prorrogado de 2022. Apróbese o anexo de subvencións, documentación que se une ao Orzamento de acordo co artigo 168.1 do TRLRFL. As modificacións do Anexo de Subvencións ou do Anexo de Investimentos, de competencia plenaria que non impliquen modificación, nin alteración dos créditos, nin aplicacións orzamentarias do estado de gastos do orzamento só requirirán dunha única aprobación por parte do pleno da corporación municipal, que será inmediatamente executiva.

Dende as Áreas municipais propóñese a distribución do crédito do orzamento prorrogado entre as entidades, tomando como base o Anexo de Subvencións nominativas do orzamento inicial de 2022, xa que o crédito do orzamento prorrogado para subvencións nominativas coincide co crédito do orzamento inicial de 2022.

Con esta iniciativa orzamentaria, vanse achegar fondos finalistas ao tecido social, deportivo, cultural e, en xeral, asociativo e mesmo institucional da cidade, por un importe global de 7.267.023,79 € a través de convenios, ademais das restantes accións de fomento e subvencionais.

II.- Este expediente modificativo, tal e como se reflicte no informe proposta, axústase ao establecido na Base 6ª das de Execución do Orzamento para 2023, que regulan as modificacións que afectan ao Anexo de Subvencións e Investimentos, de competencia plenaria, pero que na medida en que non afectan aos créditos nin tampouco ás aplicacións orzamentarias do estado de gastos, non é necesario o



**Ayuntamiento de A Coruña
Concello da Coruña**

trámite de exposición pública. Deste xeito, só require dunha única aprobación plenaria. Unha vez aprobada polo pleno da corporación municipal, será inmediatamente executiva, sen necesidade do trámite de información pública.

III.- No expediente consta a confirmación das propostas efectuadas polos servizos xestores para a tramitación deste expediente M2/2023, así como o informe proposta do Servizo de Orzamentos e Estudos Económicos.

IV.- Por iso, procede aprobar o Anexo de Subvencións nominativas M2/2023 do Orzamento de 2023, prorrogado de 2022, para a súa posterior aprobación por parte do pleno da corporación municipal.

O expediente non implica variacións nos estados de gastos nin de ingresos do orzamento, nin supón cambios na distribución por capítulos do mesmo.

Tramítese o expediente con suxeición ao procedemento establecido pola normativa vixente.

A Coruña, na data da sinatura dixital deste documento electrónico

A Alcaldesa
Inés Rey García

EXPEDIENTE M1/2023 DE CONCESIÓN DE SUPLEMENTOS DE CRÉDITO, CRÉDITOS EXTRAORDINARIOS, DE BAIXAS DE CRÉDITO, MODIFICACIÓN DA RELACIÓN DE INVESTIMENTOS, APROBACIÓN DE ANEXO DE SUBVENCIONES NOMINATIVAS E MODIFICACIÓN DAS BASES DE EXECUCIÓN, TODO ISO DE COMPETENCIA PLENARIA, DENTRO DO ORZAMENTO MUNICIPAL 2022 PRORROGADO AO 2023.

Remítese para informe desta Intervención Xeral, o expediente M1/2023 de suplementos de crédito, de créditos extraordinarios, baixas de crédito, modificación da relación de investimentos e aprobación de anexo de subvencions nominativas, e modificación das bases de execución do orzamento nos termos expostos na memoria da Alcaldía e informe-proposta da Oficina Orzamentaria que se acompaña.

A Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, modificada pola Lei 57/2003, do 16 de decembro, de Medidas para a Modernización do Goberno Local (LRBRL), o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLRHL), o Real Decreto 500/1990, do 20 de abril, en materia orzamentaria, así como as Bases de Execución do Orzamento para 2022 prorrogadas para o 2023, constitúen o réxime legal a que ha de someterse a Corporación para tramitar a modificación de créditos orzamentarios.

En concreto, a Sección 2ª do Capítulo I do Título VI do TRLRHL, titulada “Dos créditos e as súas modificacións”, artigo 172 e seguintes, e o seu desenvolvemento no R.D. 500/1990, regulan os expedientes de modificación de créditos, establecendo as normas que disciplinan os casos en que procede a súa tramitación, procedemento e formas de financiamento dos incrementos. No número 2 do artigo 177 e no 37.3 do R.D. 500/1990, esíxese o informe previo do Interventor respecto de estes expedientes. Así mesmo a Base 7ª, apartado F) 2º das aprobadas para a execución do Orzamento de 2022 prorrogadas para o 2023, establece o carácter preceptivo do informe do Interventor nas resolucións que modifiquen créditos orzamentarios.

En cumprimento do preceptuado, o Interventor Xeral que subscribe emite o seguinte

INFORME.

I.- Antecedentes, exame orzamentario e de estabilidade.

O expediente que agora se somete á Corporación supón a concesión de suplementos de crédito por importe de 6.099.058,60 €, créditos extraordinarios por importe de 4.769.680,88 € e baixas de crédito por importe de – 25.000 €, así como aumento das previsións iniciais de ingresos en 10.843.739,48 € no subconcepto 913.01 pola concertación dunha operación de crédito a longo prazo por este mesmo importe.

Tamén se aproba unha relación de investimentos e un novo anexo de subvencions.

O expediente aparece nivelado, dado que o importe dos créditos extraordinarios, suplementos equivale aos recursos que se arbitran para o seu financiamento.

I.- ALTAS. (€)

Suplemento de crédito	6.099.058,60
Créditos Extraordinarios	4.769.680,88
Total altas de créditos	10.868.739,48

II.- FINANCIAMIENTO DOS INCREMENTOS DE GASTO. (€)

Baixas de crédito	25.000,00
Operación de crédito	10.843.739,48
Total financiamiento	10.868.739,48

Por tanto, o expediente aparece nivelado e equilibrado en termos orzamentarios, dándose cumprimento ao disposto no artigo 16.2 do Real Decreto 500/1990.

Tamén hai que ter en conta que se trata dunha modificación sobre un orzamento prorrogado. De conformidade co artigo 169.6 do TRLRHL é posible modificar o orzamento prorrogado a través de créditos extraordinarios e suplementos de crédito. Así o dispón o citado artigo cando di:

*“6. Se ao iniciarse o exercicio económico non entrase en vigor o orzamento correspondente, considerarase automaticamente prorrogado o do anterior, cos seus créditos iniciais, **sen prexuízo das modificacións que se realicen conforme ao disposto nos artigos 177, 178 e 179 desta lei e ata a entrada en vigor do novo orzamento. A prórroga non afectará os créditos para servizos ou programas que deban concluír no exercicio anterior ou que estean financiados con crédito ou outros ingresos específicos ou afectados**”*

Tamén o artigo 21.5 do Real Decreto 500/1990, que desenvolve a Lei de Facendas Locais en materia orzamentaria, dispón que:

“En tanto non se aproba o Orzamento definitivo, o prorrogado pode ser obxecto de calquera das modificacións previstas na lei”.

O artigo 177 da Lei de Facendas Locais é o que regula o réxime das modificacións de créditos extraordinarios e suplemento de créditos sen ningunha especialidade para os Orzamentos Prorrogados.

Polo anterior, en relación cos suplementos de crédito e créditos extraordinarios, no expediente dáse tamén cumprimento formal ao disposto no artigo 177.4 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, que di en relación co financiamiento das modificacións dos créditos citados o seguinte:

“O expediente deberá especificar a concreta partida orzamentaria a incrementar e o medio ou recurso que ha de financiar o aumento que se propón. Este aumento financiarase con cargo ao remanente líquido de tesourería, con novos e maiores ingresos recadados sobre os totais previstos no orzamento corrente, e mediante anulacións ou baixas de créditos de gastos doutras partidas do orzamento vixente non comprometidos, cuxas dotacións se estimen reducibles sen

perturbación do respectivo servizo.“

En canto á posibilidade de acudir a unha operación de crédito a longo prazo para financiar investimentos hai que traer a colación o disposto no artigo 50 do TRLRHL que di:

“A concertación de calquera das modalidades de crédito previstas nesta lei, excepto a regulada no artigo 149, requirirá que a corporación ou entidade correspondente dispoña do orzamento aprobado para o exercicio en curso, extremo que deberá ser xustificado no momento de subscribir o correspondente contrato, póliza ou documento mercantil no que se soporte a operación, ante a entidade financeira correspondente e ante o fedatario público que interveña ou formalice o documento.

Excepcionalmente, cando se produza a situación de prórroga do orzamento, poderanse concertar as seguintes modalidades de operacións de crédito:

a) Operacións de tesourería, dentro dos límites fixados pola lei, sempre que as concertadas sexan reembolsadas e xustifíquese este extremo na forma sinalada no parágrafo primeiro deste artigo.

b) Operacións de crédito a longo prazo para o financiamento de investimentos vinculados directamente a modificacións de crédito tramitadas na forma prevista nos apartados 1, 2, 3 e 6 do artigo 177.”

No presente caso tramítase de conformidade cos apartados 1 e 2 do artigo 177 e éo para financiar investimentos vinculados ás modificacións de crédito tramitadas; e a excepcionalidade en canto concepto xurídico indeterminado debe quedar baixo a oportunidade política do interese público que poida valorar o Pleno do Concello segundo a motivación dada no expediente.

En todo caso, derivado da necesidade de financiamento (déficit) en termos de contabilidade nacional que mostra a Liquidación Orzamentaria do exercicio 2022 e en aplicación do artigo 20.2 da Lei Orgánica 2/2012 de Estabilidade Orzamentaria, é de advertir que **a dispoñibilidade dos créditos de gastos que se financian coa operación de crédito prevista está condicionada á concesión da autorización da subscripción da operación de crédito por parte do órgano de tutela financeira da Xunta de Galicia.**

En canto á aprobación do Anexo de Subvencións só se contempla nas bases de execución a tramitación da súa modificación cando fose aprobado co Orzamento Municipal. Neste caso ao estar prorrogado non existe anexo de subvencións a modificar. Con todo non vemos impedimentos e prohibicións legais para a súa aprobación e imputación con cargo aos créditos do capítulo 4 de subvencións nominativas. Igual que se admitiu a inclusión de subvencións nominativas en modificacións de Orzamentos aprobados tamén entendo posible facelo sobre Orzamentos prorrogados pois o efecto é o mesmo: que polo menos a súa dotación orzamentaria e beneficiario aparezan determinados nos estados de gasto do Orzamento (artigo 22.2 a) Lei 38/2003 Xeral de Subvencións). Tampouco vemos inconveniente na aprobación con acordo único do Anexo de Subvencións Nominativas tendo en conta que non implica modificación de crédito algunha. Non obstante o anterior, debemos advertir que a aprobación do anexo de subvencións en ningún caso condiciona nin limita a fiscalización da Intervención e a súa cualificación en cada caso na fase de execución de gasto.

Para o financiamento do modificativo, deixando a salvo a baixa de crédito por 25.000,00 €, prevese acudir a unha operación de crédito por importe de 10,84 millóns de € para financiar investimentos do capítulo VI. En termos de estabilidade orzamentaria está a financiarse un gasto non financeiro cun ingreso non financeiro que en termos absolutos e individuais implica inestabilidade, pero en termos relativos non afecta o cumprimento do obxectivo de superávit ou equilibrio. E dicimos que non afecta por canto o Orzamentos prorrogado mostra un superávit orzamentario da diferenza entre os gastos cos axustes obrigados por Lei a efectuar na prórroga do Orzamento e os ingresos previstos para o 2022 que se entende prorrogados tamén para o 2023, que teoricamente permite absorber en termos de créditos iniciais e previsións a modificación financiada coa operación de crédito prevista neste modificativo. Ademais o criterio que mantén o órgano de tutela financeira da Xunta de Galicia, en informe da Subdirección Xeral de Entidades Financeiras e Corporacións Locais do 11 de setembro de 2017, transmitido á súa vez nas reunións de coordinación cos representantes dos órganos de tutela financeira das CCAA, e a pregunta deste mesmo Concello sobre a posibilidade de utilizar créditos do capítulo 9 de gastos para financiar gastos non financeiro do capítulo IV “é que os Plans Económico Financeiros débense elaborar e aprobar unha vez coñecidos os datos da liquidación do exercicio, que é cando constátase ou incumprimento a que fai referencia ou artigo 23 da Lei 2/2012 en consonancia co artigo 18.1 antes citado”. E todo iso, á marxe de que para o exercicio 2023 atópase prorrogada a suspensión das regras fiscais polo que non existe ningún inconveniente legal desde a perspectiva de estabilidade orzamentaria acudir á operación de crédito a longo prazo para o financiamento de investimentos locais.

O anterior referido á estabilidade orzamentaria infórmase para os efectos de dar cumprimento ao artigo 16.2 do Real Decreto 1463/2007, do 2 de novembro, no caso de que se puidese entender vixente.

Por último, modifícanse as Bases de Execución do Orzamento no sentido de incluír e detallar as aplicacións de gastos cuxos créditos son ampliables coas contribucións especiais do SEIS.

II.- Exame do expediente

Existen varias finalidades previstas nas modificacións orzamentarias propostas e que non tiñan cobertura nos créditos iniciais prorrogados.

1. De todos os gastos incluídos na modificación destaca os 950 miles de € para o convenio para o financiamento das infraestruturas viarias que van dar servizo á ampliación do Complexo Hospitalario Universitario da Coruña (CHUAC) e serán cedidas ao Concello segundo o propio convenio. Este convenio, que se propón aprobar vinculado a este modificativo e por tanto condicionado á dispoñibilidade do crédito de que se conceda a autorización polo órgano de tutela da Xunta de Galicia para a aprobación da operación de crédito prevista neste expediente, inclúe dúas anualidades máis para o 2024 e 2025 por importe respectivamente de 8 e 13,22 millóns de €, o que fai un total (cos 50.000 € xa incorporados) de 22,22 millóns de €.

De acordo co disposto no artigo 174.1 do TRLRHL a realización dos gastos de carácter plurianual subordinarase ao crédito que para cada exercicio autoricen os respectivos

orxamentos, polo que aínda no caso de que o Pleno aprobar o convenio e asumise o compromiso de gasto futuro dacordo coa citada previsión legal, o pago do compromiso, se se cumprisen os requisitos de xustificación que sinala o texto do convenio legalmente, quedaría condicionado a que cumpríse a obrigación derivada do compromiso asumido polo Pleno de dotar de crédito adecuado e suficiente para esa finalidade nos seguintes orxamentos 2024 e 2025.

Con todo debemos advertir, en relación á previsión do convenio de compensar co Fondo de Cooperación Local das achegas municipais en caso de falta de pagamento, que o artigo 61, apartado terceiro, da Lei 6/2022 de Orxamentos para o 2023 da Xunta de Galicia permite a esta compensar ao seu favor con cargo ao Fondo de Cooperación Local as débedas vencidas líquidas e esixibles dos municipios derivadas de convenios de colaboración asinadas coa Administración Xeral da Xunta ou con algún dos entes pertencentes ao seu sector público. Se se producise esta compensación porque non se consignou crédito para poder afrontar a achega municipal estaríase a dar o paradoxo de que por esta vía estaríase a pagar sen consignación orxamentaria, o cual iría en contra da prohibición de executar gastos e os seus pagos sen crédito orxamentario tal e como establece o artigo 173.1 do TRLRHL ao sinalar que *“As obrigacións de pago só serán esixibles da facenda local cando resulten da execución dos seus respectivos orxamentos”*, e en contra tamén do previsto no artigo 188 do mesmo texto legal: *“Os computadores de gastos e de pagos, en todo caso, e os interventores das entidades locais, cando non advirtan por escrito a súa improcedencia, serán persoalmente responsables de todo gasto que autoricen e de toda obrigación que recoñezan, liquiden ou paguen sen crédito suficiente”*. E é por todo iso polo que facemos a advertencia oportuna.

2. Por importe tamén destaca os 4,8 millóns de € para a obra de rehabilitación do mercado de Monte Alto e mercado provisional que está en execución neste exercicio, pero como non se aprobou o Orzamento Municipal para 2023 non se consignou o compromiso plurianual correspondente a este exercicio.
3. Tamén se consigna crédito para poder afrontar a parte municipal dos proxectos incluídos no programa EDUSI e nos Next Generation EU con anualidades no 2023, e as das novas contornas Residenciais de Rehabilitación programada para as que solicitaron fondos PRTR Next Generation EU.
4. Os novos investimentos derivados do procedemento participativo do orzamento dentro do programa “Na Coruña Contas”.
5. A parte que ten que financiar o Concello por imposición legal para completar o financiamento das Contribucións Especiais do SEIS.
6. E por último para completar tamén o financiamento municipal dos proxectos subvencionados pola Deputación con cargo ao POS/POS+2022.

III.- Aprobación do expediente pola Corporación.

Segundo o artigo 177 do TRLRHL, a aprobación dos expedientes de concesión de créditos extraordinarios, suplementos e baixas por anulación, corresponden ao Pleno da Corporación, seguindo os mesmos trámites establecidos para a aprobación do Orzamento; isto é, aprobación inicial, exposición ao público por prazo de quince días, entendéndose definitivamente aprobado se non se presentasen reclamacións nin alegacións no citado prazo, ou no caso de que si se presentasen deberá adoptar o Pleno acordo expreso de aprobación definitiva resolvendo as citadas reclamacións no prazo máximo dun mes, publicándose por capítulos no BOP, data a partir da cual entrará en vigor.

Por conseguinte, poderá ser aprobado por maioría simple dos membros da Corporación presentes na sesión (artigo 47 da Lei 7/1985, de Bases de Réxime Local).

Con todo, a teor do establecido na Lei 57/2003, de Modernización do Goberno Local, artigo 127.1.b), corresponde á Xunta de Goberno Local a aprobación do proxecto de Orzamento e enténdese, en consecuencia coa lexislación citada, que así mesmo corresponde ao devandito Órgano a aprobación do proxecto do expediente que agora se tramita.

A Coruña, na data da sinatura electrónica.

O INTERVENTOR XERAL.
Intervent. Xeral

O INTERVENTOR XERAL.

**Expediente M2/2023 de aprobación do Anexo de Subvencións
nominativas do Orzamento 2023, prorrogado de 2022**

Informe proposta

I.- A regulación legal das modificacións orzamentarias atópase contida fundamentalmente nos artigos 177 e seguintes do Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado por Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo (en diante, TRLRFL), así como na sección 2.^a do capítulo II do Real decreto 500/1990, do 20 de abril (en diante, RD 500/1990). As Bases de Execución do Orzamento conteñen a adaptación das disposicións xerais en materia orzamentaria á organización e circunstancias da Corporación, así como aquelas outras necesarias para a súa acertada xestión, establecendo cantas prevencións considérense oportunas ou convenientes para a mellor realización dos gastos e recadación dos recursos.

Así mesmo atenderase ao disposto na Lei 57/2003, do 16 de decembro, de medidas para a modernización do goberno local, que modifica a Lei 7/85, do 2 de abril, de bases de réxime local.

Na Base 6.^a das aprobadas para a execución do Orzamento de 2023, prorrogadas de 2022, “Vinculacións xurídicas” regúlanse expresamente as modificacións que se pretenden tramitar neste expediente dispoñendo, que cando se trate de modificacións do Anexo de Subvencións ou do Anexo de Investimentos, de competencia plenaria que non impliquen modificación, nin alteración dos créditos, nin aplicacións orzamentarias do estado de gastos do orzamento só requirirán dunha única aprobación do Pleno da Corporación que será inmediatamente executiva.

De acordo coa Base 11.^a das de Execución do Orzamento municipal, onde se regulan as Subvencións, calquera modificación do Anexo de Subvencións nominativas debe ser aprobado polo Pleno da Corporación. Na devandita base establécese que poderán concederse de forma directa as subvencións previstas nominativamente no orzamento. No suposto que nos ocupa, trátase de aprobar as subvencións nominativas que se corresponden co crédito do orzamento prorrogado.

Servizo de Orzamentos e Estudos Económicos
M2/2023
Pleno

Neste expediente M2/2023 propónse a aprobación do Anexo de Subvencións nominativas de 2023, de competencia plenaria que non implica modificación do crédito consignado en 2023, nin modificación das aplicacións orzamentarias. Por iso, de acordo coa Base 6.^a das de Execución do Orzamento, require unha única aprobación polo Pleno da Corporación.

II. O expediente de aprobación do Anexo de Subvencións nominativas do orzamento 2023, vén acompañado da documentación necesaria e da correspondente Memoria xustificativa, na que se ordena a incoación do Expediente.

Elevarase proposta para a súa aprobación definitiva polo Pleno da Corporación, previo ditame da Comisión informativa de Economía, Facenda e Administración Xeral por maioría simple dos membros presentes. O expediente non necesita exposición pública (Base 6.^a das de Execución do Orzamento de 2023, prorrogadas de 2022)

III. Conforme a normativa citada, e se se considera oportuno, sería procedente formular ao Excmo. Concello Pleno, a seguinte:

Proposta de acordo:

1. Aprobar o Anexo de Subvencións nominativas do Orzamento de 2023, prorrogado de 2022, incorporando os cambios detallados na listaxe que se incorpora ao mesmo titulada "Expediente M2/2023. Aprobación do Anexo de Subvencións nominativas".
2. Facultar á Alcaldesa para a adopción dos decretos que sexan necesarios para dar efectividade ao acordado.

A Coruña, á data da firma dixital deste documento electrónico

Belén Blanco de Azpiazu
Xefa de Servizo de Orzamentos e Estudos Económicos

Conforme,
Manuel Ángel Jove Losada
Director da área de Economía, Facenda e Réxime Interior

Vº e pr,
José Manuel Lage Tuñas
Concelleiro delegado de Economía, Facenda e Réxime Interior

APLICACIÓN	IMPORTE	DENOMINACIÓN APLICACIÓN	DESCRIPCIÓN TRANSFERENCIA	PERCEPTOR	NIF	FINALIDADE 2023	XESTOR
134.45100	60.000,00	TRANSFERENCIAS CORRENTES A ORGANISMOS AUTÓNOMOS E AXENCIAS DAS CCAA	Convenio Universidade da Coruña	UNIVERSIDADE DA CORUÑA	Q6550005J	Colaborar cos grupos de investigación da UDC para definir plans de transporte	Alcaldía
1532.75100	120.000,00	TRANSFERENCIAS DE CAPITAL A ORGANISMOS AUTÓNOMOS E AXENCIAS DAS CCAA	Convenio Universidade da Coruña	UNIVERSIDADE DA CORUÑA	Q6550005J	Mellora e reposición das infraestruturas viarias nos Campus universitarios da Coruña	Alcaldía
1729.45100	10.000,00	TRANSFERENCIAS CORRENTES A ORGANISMOS AUTÓNOMOS E AXENCIAS DAS CCAA	Convenio Universidade da Coruña	UNIVERSIDADE DA CORUÑA	Q6550005J	Actividades de educación e xestión ambiental: custodia do territorio do Monte da Fraga, eliminación de especies invasoras, reforestación participativa na Zapateira e programa "Charcas con vida". Xestión de residuos: mellora da compostaxe e da recollida selectiva na UDC. Actividades sobre a xestión da auga e da enerxía	Alcaldía
2311.45100	25.000,00	TRANSFERENCIAS CORRENTES A ORGANISMOS AUTÓNOMOS E AXENCIAS DAS CCAA	Convenio Universidade da Coruña	UNIVERSIDADE DA CORUÑA	Q6550005J	Investigación sobre as desigualdades e diversidade que desemboca en colectivos sociais marcados polas características especiais de vulnerabilidade e precariedade, con especial atención á incidencia da violencia contra as mulleres	Alcaldía
3321.48950	20.000,00	TRANSFERENCIAS CORRENTES. CONVENIOS NOMINATIVOS	Convenio Asociación de Librerías de A Coruña	ASOCIACION DE LIBRERIAS DE A CORUÑA	G70612643	Realización de actividades de dinamización e promoción da lectura	Bibliotecas
3321.48950	15.000,00	TRANSFERENCIAS CORRENTES. CONVENIOS NOMINATIVOS	Convenio Fundación Biblioteca de la Casa Consulado	FUNDACIÓN BIBLIOTECA DE LA CASA CONSULADO	G15028160	Contribución ao sostemento dos fondos da Fundación	Bibliotecas
3321.48950	26.000,00	TRANSFERENCIAS CORRENTES. CONVENIOS NOMINATIVOS	Convenio Reunión Recreativa e Instructiva Artesanos	REUNIÓN RECREATIVA E INSTRUCTIVA ARTESANOS	G15037179	Proceso técnico, mantemento da colección e servizo de atención ás persoas usuarias	Bibliotecas
3331.48950	5.000,00	TRANSFERENCIAS CORRENTES. CONVENIOS NOMINATIVOS	Convenio Agrupación Astronómica Coruñesa Ío	AGRUPACIÓN ASTRONÓMICA CORUÑESA ÍO	G15839400	Contribuír ao sostemento dos gastos ordinarios das actividades desenvolvidas pola agrupación e os gastos de alugueiro do local onde se almacenan os materiais utilizados pola agrupación	Museos Científicos
3334.48950	8.000,00	TRANSFERENCIAS CORRENTES. CONVENIOS NOMINATIVOS	Convenio Asociación cultural Correlingua	ASOCIACIÓN CULTURAL CORRELINGUA	G70325683	Contribuír ao financiamento do gasto derivado da actividade desenvolvida pola entidade beneficiaria na nosa cidade	Alcaldía
3334.48950	80.000,00	TRANSFERENCIAS CORRENTES. CONVENIOS NOMINATIVOS	Convenio Amigos de la Ópera de La Coruña	AMIGOS DE LA ÓPERA DE LA CORUÑA	G15037930	Contribuír ao financiamento dos gastos ordinarios derivados da organización dunha ópera e/ou concerto lírico dentro da Tempada Lírica de 2023	Cultura
3334.48950	125.000,00	TRANSFERENCIAS CORRENTES. CONVENIOS NOMINATIVOS	Convenio Asociación Academia Galega do Audiovisual	ASOCIACIÓN ACADEMIA GALEGA DO AUDIOVISUAL	G15844145	Contribuír ao financiamento dos gastos ordinarios derivados da organización das seguintes actividades no ano 2023: IV Semana do Cinema Galego, Xornadas profesionais: Intelixencia artificial e audiovisual e XII Premio José Sellier	Cultura
3334.48950	10.000,00	TRANSFERENCIAS CORRENTES. CONVENIOS NOMINATIVOS	Convenio Asociación Cultural Albatros	ASOCIACIÓN CULTURAL ALBATROS	G70080015	Contribuír ao financiamento dos gastos ordinarios derivados da organización de varias seccións do Festival Intersección no ano 2023	Cultura
3334.48950	5.000,00	TRANSFERENCIAS CORRENTES. CONVENIOS NOMINATIVOS	Convenio Asociación Cultural da Cruña Alexandre Bóveda	ASOCIACIÓN CULTURAL DA CRUÑA ALEXANDRE BÓVEDA	G15036981	Contribuír ao financiamento dos gastos ordinarios derivados das actividades desenvolvidas pola entidade no ano 2023	Cultura
3334.48950	15.000,00	TRANSFERENCIAS CORRENTES. CONVENIOS NOMINATIVOS	Convenio Asociación Cultural Donaire	ASOCIACIÓN CULTURAL DONAIRE	G15767718	Contribuír ao financiamento dos gastos derivados do alugueiro dun local para a realización de clases de música e baile tradicional galego no ano 2023	Cultura
3334.48950	11.000,00	TRANSFERENCIAS CORRENTES. CONVENIOS NOMINATIVOS	Convenio Asociación Cultural Xacarandaina	ASOCIACIÓN CULTURAL XACARANDAINA	G15037328	Contribuír ao financiamento dos gastos derivados do alugueiro dun local para a realización de clases de baile tradicional galego no ano 2023	Cultura
3334.48950	8.000,00	TRANSFERENCIAS CORRENTES. CONVENIOS NOMINATIVOS	Convenio Asociación cultural y deportiva Faro de Monte Alto	ASOCIACIÓN CULTURAL Y DEPORTIVA FARO DE MONTE ALTO	G15604424	Contribuír ao financiamento dos gastos xerais da entidade e dos gastos ordinarios derivados das actividades desenvolvidas por esta no ano 2023	Cultura
3334.48950	7.000,00	TRANSFERENCIAS CORRENTES. CONVENIOS NOMINATIVOS	Convenio Asociación de Amigos del Museo de Bellas Artes de La Coruña	ASOCIACIÓN DE AMIGOS DEL MUSEO DE BELLAS ARTES DE LA CORUÑA	G15347362	Contribuír ao financiamento dos gastos ordinarios derivados do desenvolvemento do proxecto educativo no Museo de Belas Artes da Coruña no ano 2023	Cultura
3334.48950	5.000,00	TRANSFERENCIAS CORRENTES. CONVENIOS NOMINATIVOS	Convenio Asociación de Artistas de La Coruña	ASOCIACIÓN DE ARTISTAS DE LA CORUÑA	G15250574	Contribuír ao financiamento dos gastos xerais da entidade e dos gastos ordinarios derivados das actividades desenvolvidas por esta no ano 2023	Cultura

APLICACIÓN	IMPORTE	DENOMINACIÓN APLICACIÓN	DESCRIPCIÓN TRANSFERENCIA	PERCEPTOR	NIF	FINALIDADE 2023	XESTOR
334.48950	8.000,00	TRANSFERENCIAS CORRENTES. CONVENIOS NOMINATIVOS	Convenio Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega	ASOCIACIÓN DE ESCRITORAS E ESCRITORES EN LINGUA GALEGA	G15039936	Contribuír ao financiamento dos gastos ordinarios derivados da organización das seguintes actividades no ano 2023: VIII Xornadas da Sección de Literatura Dramática e Roteiros pola Coruña Literaria	Cultura
334.48950	15.000,00	TRANSFERENCIAS CORRENTES. CONVENIOS NOMINATIVOS	Convenio Asociación de la Prensa de La Coruña	ASOCIACIÓN DE LA PRENSA DE LA CORUÑA	G15032006	Contribuír ao financiamento dos gastos ordinarios derivados da organización do Premio Pérez Lugín e doutras actividades desenvolvidas pola entidade no ano 2023	Cultura
334.48950	15.000,00	TRANSFERENCIAS CORRENTES. CONVENIOS NOMINATIVOS	Convenio Asociación de Veciños Atochas-Monte Alto-Torre de Hércules	ASOCIACIÓN DE VECIÑOS ATOCHAS-MONTE ALTO-TORRE DE HÉRCULES	G15038243	Contribuír ao financiamento dos gastos ordinarios da biblioteca Campo de Marte para dar un servizo público de lectura a calquera cidadán da Coruña que o demande no ano 2023	Cultura
334.48950	11.000,00	TRANSFERENCIAS CORRENTES. CONVENIOS NOMINATIVOS	Convenio Asociación Escrita Creativa 1863	ASOCIACIÓN ESCRITA CREATIVA 1863	G42869867	Contribuír ao financiamento dos gastos ordinarios derivados da organización de Residencias Literarias na Coruña no ano 2023	Cultura
334.48950	5.000,00	TRANSFERENCIAS CORRENTES. CONVENIOS NOMINATIVOS	Convenio Asociación musical y cultural Cantabile	ASOCIACIÓN MUSICAL Y CULTURAL CANTABILE	G15858319	Contribuír ao financiamento dos gastos derivados do desenvolvemento do proxecto formativo da entidade no ano 2023	Cultura
334.48950	10.000,00	TRANSFERENCIAS CORRENTES. CONVENIOS NOMINATIVOS	Convenio Asociación Poten100mos	ASOCIACIÓN POTEN100MOS	G70480900	Contribuír ao financiamento dos gastos ordinarios derivados da organización do VIII DiversiArte Festival das Artes Inclusivas no ano 2023	Cultura
334.48950	5.000,00	TRANSFERENCIAS CORRENTES. CONVENIOS NOMINATIVOS	Convenio Asociación Proxecto Máscaras	ASOCIACIÓN PROXECTO MÁSCARAS	G70401518	Contribuír ao financiamento dos gastos ordinarios derivados do desenvolvemento da campaña de sensibilización "Boas Prácticas 2023" (#BoasPrácticas2023)	Cultura
334.48950	8.000,00	TRANSFERENCIAS CORRENTES. CONVENIOS NOMINATIVOS	Convenio Asociación Recreativo Cultural Acolá	ASOCIACIÓN RECREATIVO CULTURAL ACOLÁ	G15880750	Contribuír ao financiamento dos gastos ordinarios derivados da organización do Festival de Fotografía da Coruña FFoco no ano 2023	Cultura
334.48950	5.000,00	TRANSFERENCIAS CORRENTES. CONVENIOS NOMINATIVOS	Convenio Asociación República Musical Mardi Gras	ASOCIACIÓN REPÚBLICA MUSICAL MARDI GRAS	G01796853	Contribuír ao financiamento dos gastos ordinarios derivados da organización do ciclo de actividades culturais #CoruñaRepublicaMusical 2023	Cultura
334.48950	50.000,00	TRANSFERENCIAS CORRENTES. CONVENIOS NOMINATIVOS	Convenio Asociación Acampa	ASOCIACIÓN SOCIOCULTURAL ACAMPA	G70513007	Contribuír ao financiamento dos gastos ordinarios derivados da organización do Encontro internacional Acampa pola paz e o dereito ao refuxio: odio ou convivencia, no ano 2023	Cultura
334.48950	6.000,00	TRANSFERENCIAS CORRENTES. CONVENIOS NOMINATIVOS	Convenio Asociación Socio Pedagóxica Galega	ASOCIACIÓN SOCIO-PEDAGÓXICA GALEGA	G15154297	Contribuír ao financiamento dos gastos ordinarios derivados da organización do Certame de Curtas no ano 2023	Cultura
334.48950	15.000,00	TRANSFERENCIAS CORRENTES. CONVENIOS NOMINATIVOS	Convenio Colectivo de Universitarios Activos	COLECTIVO DE UNIVERSITARIOS ACTIVOS	G15526734	Contribuír ao financiamento dos gastos ordinarios derivados das actividades desenvolvidas pola entidade no ano 2023	Cultura
334.48950	40.000,00	TRANSFERENCIAS CORRENTES. CONVENIOS NOMINATIVOS	Convenio ESE8	ESE8	G70232525	Contribuír ao financiamento dos gastos ordinarios derivados da organización de varios programas do Festival (S8) XIV Mostra Internacional de Cinema Periférico da Coruña no ano 2023	Cultura
334.48950	5.000,00	TRANSFERENCIAS CORRENTES. CONVENIOS NOMINATIVOS	Convenio Fundación Wenceslao Fernández Flórez	FUNDACIÓN WENCESLAO FERNÁNDEZ FLÓREZ	G15670359	Contribuír ao financiamento dos gastos ordinarios derivados da realización da Revista Volvoretta no ano 2023	Cultura
334.48950	5.000,00	TRANSFERENCIAS CORRENTES. CONVENIOS NOMINATIVOS	Convenio Orden de Caballeros de María Pita	ORDEN DE CABALLEROS DE MARÍA PITA	G15170103	Contribuír ao financiamento dos gastos ordinarios derivados das actividades desenvolvidas pola entidade no ano 2023	Cultura
334.48950	16.000,00	TRANSFERENCIAS CORRENTES. CONVENIOS NOMINATIVOS	Convenio Real Academia Galega	REAL ACADEMIA GALEGA	Q1568003F	Contribuír ao financiamento dos gastos ordinarios derivados da organización das seguintes actividades no ano 2023: Serie documental audiovisual de catro episodios sobre as mulleres das Irmandades, acto institucional conmemorativo do centenario do falecemento de Manuel Murguía no cemiterio de San Amaro e publicación dixital da revista A Tribuna. Cadernos de Estudos da Casa-Museo Emilia Parzo Bazán.	Cultura
334.48950	15.000,00	TRANSFERENCIAS CORRENTES. CONVENIOS NOMINATIVOS	Convenio Real Academia Gallega de Bellas Artes de Nuestra Señora del Rosario	REAL ACADEMIA GALLEGA DE BELLAS ARTES DE NUESTRA SEÑORA DEL ROSARIO	Q1568002H	Contribuír ao financiamento dos gastos xerais da entidade e dos gastos ordinarios derivados das actividades desenvolvidas por esta no ano 2023	Cultura
334.48950	15.000,00	TRANSFERENCIAS CORRENTES. CONVENIOS NOMINATIVOS	Convenio Real e Insigne Colegiata de A Coruña	REAL E INSIGNE COLEGIATA DE A CORUÑA	R1500251B	Contribuír ao financiamento dos gastos xerais do Museo de Arte Sacra e dos gastos ordinarios derivados das actividades desenvolvidas por este no ano 2023	Cultura

APLICACIÓN	IMPORTE	DENOMINACIÓN APLICACIÓN	DESCRIBCIÓN TRANSFERENCIA	PERCEPTOR	NIF	FINALIDADE 2023	XESTOR
334.48950	10.000,00	TRANSFERENCIAS CORRENTES. CONVENIOS NOMINATIVOS	Convenio Sociedad Coral Polifónica El Eco	SOCIEDAD CORAL POLIFÓNICA EL ECO	G15150550	Contribuír ao financiamento dos gastos xerais de funcionamento da entidade no ano 2023	Cultura
334.48950	5.400,00	TRANSFERENCIAS CORRENTES. CONVENIOS NOMINATIVOS	Convenio Sociedad Filatélica de La Coruña	SOCIEDAD FILATÉLICA DE LA CORUÑA	G15037104	Contribuír ao financiamento dos gastos xerais da entidade e dos gastos ordinarios derivados das actividades desenvolvidas por esta no ano 2023	Cultura
334.48950	15.000,00	TRANSFERENCIAS CORRENTES. CONVENIOS NOMINATIVOS	Convenio Fundación Rogelio Groba	FUNDACIÓN ROGELIO GROBA	G36433712	Contribuír ao financiamento dos gastos ordinarios derivados da organización do II Ciclo de Concertos Noites na Cidade Vella no ano 2023	Cultura
334.48950	10.000,00	TRANSFERENCIAS CORRENTES. CONVENIOS NOMINATIVOS	Convenio Asociación Cultural Albatros	ASOCIACIÓN CULTURAL ALBATROS	G70080015	Abono do convenio de 2022 destinado a contribuír ao financiamento dos gastos ordinarios derivados da organización do Festival Intersección	Cultura
3344.45100	40.000,00	TRANSFERENCIAS CORRENTES A ORGANISMOS AUTÓNOMOS E AXENCIAS DAS CCAA	Convenio Universidade da Coruña	UNIVERSIDADE DA CORUÑA	Q6550005J	Cátedra de memoria histórica	Alcaldía
341.45100	45.000,00	TRANSFERENCIAS CORRENTES A ORGANISMOS AUTÓNOMOS E AXENCIAS DAS CCAA	Convenio Universidade da Coruña	UNIVERSIDADE DA CORUÑA	Q6550005J	Fomento do deporte entre a Universidade da Coruña e o Concello da Coruña a través da cesión de instalacións deportivas	Alcaldía
341.75100	20.000,00	TRANSFERENCIAS DE CAPITAL A ORGANISMOS AUTÓNOMOS E AXENCIAS DAS CCAA	Convenio Universidade da Coruña	UNIVERSIDADE DA CORUÑA	Q6550005J	Mellora do equipamento deportivo nas instalacións deportivas e subministración de material deportivo da Universidade da Coruña	Alcaldía
920.48950	6.000,00	TRANSFERENCIAS CORRENTES. CONVENIOS NOMINATIVOS	Convenio Fundación Lo que de verdad importa	FUNDACION LO QUE DE VERDAD IMPORTA	G86083227	Financiamento de gastos ocasionados con motivo da celebración do Congreso LQDVI. A Coruña 2023	Alcaldía
922.48950	15.000,00	TRANSFERENCIAS CORRENTES. CONVENIOS NOMINATIVOS	Convenio Instituto Galego de Análise e Documentación Internacional	INSTITUTO GALEGO DE ANÁLISE E DOCUMENTACIÓN INTERNACIONAL	G36741049	Desenvolvemento ordenado da acción exterior municipal no marco das BAEX, evitando a dispersión de actividades de perfil internacional e reforzando o posicionamento global da cidade.	Alcaldía
922.48950	15.000,00	TRANSFERENCIAS CORRENTES. CONVENIOS NOMINATIVOS	Convenio Asociación Círculo de mediación de Galicia	ASOCIACIÓN CÍRCULO DE MEDIACIÓN DE GALICIA	G70420112	Actividades de difusión e formación relacionadas coa formación e gastos de funcionamento da entidade	Interior
1134.48950	3.000,00	TRANSFERENCIAS CORRENTES. CONVENIOS NOMINATIVOS	Convenio Club Galicia Rollers	CLUB GALICIA ROLLERS	G70350038	Desenvolvemento de campañas, iniciativas e/ou eventos singulares dirixidos á actuación conxunta que mellore a mobilidade potenciando o uso de transportes sostibles e a concienciación en materia de seguridade viaria	Mobilidade e accesibilidade
1134.48950	24.000,00	TRANSFERENCIAS CORRENTES. CONVENIOS NOMINATIVOS	Convenio Mobi-Liza Asociación por unha mobilidade responsable	MOBI-LIZA ASOCIACIÓN POR UNHA MOBILIDADE RESPONSABLE	G70187794	Desenvolvemento de campañas, iniciativas e/ou eventos singulares dirixidos á actuación conxunta que mellore a mobilidade potenciando o uso de transportes sostibles e a concienciación en materia de seguridade viaria	Mobilidade e accesibilidade
1134.48950	22.000,00	TRANSFERENCIAS CORRENTES. CONVENIOS NOMINATIVOS	Convenio Stop Accidentes, Asociación de ayuda y orientación a los afectados por accidentes de tráfico	STOP-ACCIDENTES, ASOCIACIÓN DE AYUDA Y ORIENTACIÓN A LOS AFECTADOS POR ACCIDENTES DE TRÁFICO	G62484480	Desenvolvemento de campañas, iniciativas e/ou eventos singulares dirixidos á actuación conxunta que mellore a mobilidade potenciando o uso de transportes sostibles e a concienciación en materia de seguridade viaria	Mobilidade e accesibilidade
151.48950	10.000,00	TRANSFERENCIAS CORRENTES. CONVENIOS NOMINATIVOS	Convenio Fundación Universidade da Coruña	FUNDACIÓN UNIVERSIDADE DA CORUÑA	G15597289	Financiamento da "Semana da arquitectura 2023"	Urbanismo
1453.72004	1,00	TRANSFERENCIAS DE CAPITAL. AO MINISTERIO DE FOMENTO	Convenio con Ministerio de Fomento	MINISTERIO DE FOMENTO	S2817040E	Construción das vías de servizo para a ligazón coa A-6	Infraestructuras e equipamentos
1729.48950	10.000,00	TRANSFERENCIAS CORRENTES. CONVENIOS NOMINATIVOS	Convenio Asociación para a defensa ecolóxica de Galiza ADEGA	ASOCIACIÓN PARA A DEFENSA ECOLÓXICA DE GALIZA	G15044811	Actividades de protección ambiental: residuos, ríos, especies invasoras, custodia do territorio	Medio Ambiente
1729.48950	50.000,00	TRANSFERENCIAS CORRENTES. CONVENIOS NOMINATIVOS	Convenio Asociación Redes de Sal	ASOCIACIÓN REDES DE SAL	G70549118	Organización do festival Mar de Mares do ano 2023, esta actividade persegue o obxectivo de concienciar na necesidade de coidar os océanos e fomentar a educación e sensibilización da cidadanía de forma que se produza unha implicación na defensa dos mares como recurso natural imprescindible	Medio Ambiente

APLICACIÓN	IMPORTE	DENOMINACIÓN APLICACIÓN	DESCRIPCIÓN TRANSFERENCIA	PERCEPTOR	NIF	FINALIDADE 2023	XESTOR
1729.48950	10.000,00	TRANSFERENCIAS CORRENTES. CONVENIOS NOMINATIVOS	Convenio Grupo Naturalista Hábitat	GRUPO NATURALISTA HÁBITAT	G15039126	Actividades de educación e xestión ambiental na Torre de Hércules e Punta Herminia, río de Feáns, Parque de Bens. Accións de recuperación de zonas alteradas, elaboración e instalación de refuxios para a fauna, xestión do patrimonio natural, limpeza de praias, ríos e zonas verdes e análises da biodiversidade	Medio Ambiente
1729.48950	1.000,00	TRANSFERENCIAS CORRENTES. CONVENIOS NOMINATIVOS	Convenio Mar de Fábula	ASOCIACIÓN MAR DE FÁBULA	G70417803	Realización de educación e defensa ambiental	Medio Ambiente
1729.48950	2.000,00	TRANSFERENCIAS CORRENTES. CONVENIOS NOMINATIVOS	Convenio ASER (Asociación Ayuda a Superar las Enfermedades Raras)	ASOCIACIÓN AYUDA A SUPERAR LAS ENFERMEDADES RARAS (ASER)	G70506290	Colaboración na recollida de tapóns de plástico que realiza a asociación "Ayuda a Superar las Enfermedades Raras" (ASER) con fins sociais	Medio Ambiente
311.48950	5.000,00	TRANSFERENCIAS CORRENTES. CONVENIOS NOMINATIVOS	Convenio Asociación Coruña Gatuna	ASOCIACIÓN CORUÑA GATUNA	G70499843	Actuacións de esterilización, saneamento e alimentación de gatos pertencentes ás colonias felinas	Medio Ambiente
311.48950	5.000,00	TRANSFERENCIAS CORRENTES. CONVENIOS NOMINATIVOS	Convenio Asociación felinos felices	ASOCIACIÓN FELINOS FELICES	G70545827	Actuacións de esterilización, saneamento e alimentación de gatos pertencentes ás colonias felinas	Medio Ambiente
311.48950	5.000,00	TRANSFERENCIAS CORRENTES. CONVENIOS NOMINATIVOS	Convenio Asociación Gatuchinhos	ASOCIACIÓN GATUCHINHOS	G70440904	Actuacións de esterilización, saneamento e alimentación de gatos pertencentes ás colonias felinas	Medio Ambiente
311.48950	5.000,00	TRANSFERENCIAS CORRENTES. CONVENIOS NOMINATIVOS	Convenio Asociación Micos e Nos	ASOCIACIÓN MICOS E NOS	G70497581	Actuacións de esterilización, saneamento e alimentación de gatos pertencentes ás colonias felinas	Medio Ambiente
231.46100	19.000,00	TRANSFERENCIAS CORRENTES. A DEPUTACIÓN, CONSELLOS OU CABILDOS INSULARES	Convenio Diputación Provincial de A Coruña. Hogar infantil Emilio Romay	DIPUTACIÓN PROVINCIAL DE A CORUÑA	P1500000C	Contribución ao financiamento dos gastos derivados do mantemento das prazas de nenos e nenas menores, de 0-12 anos de ambos os sexos en situación de risco ou desamparo social, do centro de menores Hogar infantil Emilio Romay (FIER)	Servizos sociais
